

ESTE MES INTERESÁMONOS POLOS DOCUMENTAIS

Os documentais son filmes de carácter didáctico ou informativo sobre un aspecto concreto da realidade, xeralmente sen argumento e de curta duración. O termo documental foi adquirido por primeira vez en 1926 por John Grierson (director e produtor británico), para referirse a un tipo de cine no que os actores, actrices e esceas son reais. O filme “Nanuk, o esquimal” (1922), é considerado o primeiro documental da historia.



Neste mes, coincidindo co entroido, antroido, entruído, carnaval....(dependendo da zona xeográfica galega) animámosvos a que vexades algún documental relacionado co entroido galego, xa que é destacado pola súa variedade de festas e tradicións nos distintos puntos de Galicia. Destacamos os madamitos e madamitas de Cotobade, boteir@s de Viana do Bolo e Vilariño de Conso, os xenerais do Ulla, o carnaval do Hío, os felos de

Maceda, o entroido de Cobres, Verín, Laza ou Xinzo de Limia....onde os traxes, a música e a danza é o principal protagonista.

Recomendámosvos:

- Alalá nº 103 "O Entroido de Vilariño de Conso" - TVG
- Alalá nº 141 "O Entroido de Hío" – TVG
- Alalá nº 178 "O Entroido de Castro de Laza"- TVG
- Alalá nº 213 "O Entroido en Galicia" – TVG



